O ANLLÓNS

boletín informativo do Bloque Nacionalista Galego de Carballo · nº 45 · novembro 2026

o mellor equipo para o Carballo que vén



Daniel Pérez López

Alcalde de Carballo

"Temos que seguir a mellorar os servizos nas parroquias, continuar a humanización, apoiar o tecido asociativo e impulsar novos equipamentos"



O relevo na Alcaldía abriu unha nova etapa sobre unha base sólida: o traballo realizado, un goberno que coñece o concello e a vontade de seguir mellorando. Daniel Pérez asumiu a responsabilidade de dar continuidade a ese camiño e impulsar o seu futuro

Hai relevos que se explican cunha votación. O de Carballo precisa tamén falar de confianza, de relacións persoais e dun proxecto construído durante anos. O 4 de outubro de 2025, Evencio Ferrero deixou a Alcaldía despois de 22 anos á fronte do Concello e 46 na corporación municipal. Unha semana despois, Daniel Pérez tomou posesión como novo alcalde. Entre ambas as datas produciuse unha transición que mantivo a estabilidade do goberno e abriu unha nova etapa para o municipio.

Sabiamos o que significaba aquel paso. Para moitas veciñas e veciños, Evencio era o único alcalde que coñeceran, ao que acudiran cun problema ou co que compartiran un proxecto. Para nós era, ademais, o compañeiro co que aprenderamos a traballar por Carballo. A súa despedida emocionounos e fíxonos aínda máis conscientes da responsabilidade de continuar.

Hoxe, un ano despois, queremos explicarvos como entendemos este relevo, que recibimos daquela etapa e que queremos achegar á que temos por diante.

Deixar paso tamén é pensar no futuro

Evencio presentou a renuncia despois dunha decisión persoal e meditada, vinculada á súa xubilación laboral ao cumprir os 70 anos. Explicouno cunha frase que seguimos tendo presente: "Pensando no mellor para Carballo, é preciso cambiar cousas para que todo siga mellorando".

No pleno do 4 de outubro fíxose efectiva a súa despedida. As palabras de recoñecemento dos tres grupos municipais e o cariño da veciñanza amosaron a pegada dunha traxectoria dedicada ao noso concello.

Desde o BNG entendemos a súa decisión como un acto de confianza. Confianza nas persoas coas que levaba anos traballando e na capacidade do proxecto para seguir avanzando. Evencio deixou paso cun goberno en marcha, cun equipo que coñecía as súas responsabilidades e cunha maioría que permitía manter a estabilidade municipal.

Ese é un dos valores do relevo: poder abrir unha nova etapa desde a experiencia compartida.



Daniel Pérez, o cuarto alcalde da democracia

O 11 de outubro, Daniel Pérez foi elixido alcalde. Converteuse no cuarto alcalde de Carballo da democracia, nun salón de sesións ateigado de público e coa presenza de Evencio entre as persoas asistentes.

Daniel asumiu a Alcaldía aos 48 anos, a mesma idade que tiña Evencio cando chegou ao cargo en 2003. Achegaba a súa experiencia como concelleiro de Deportes e Participación Veciñal e como deputado no Parlamento galego.

Esa experiencia e o coñecemento da realidade do noso concello son unha base importante para gobernar. Permiten dar continuidader continuidade aos proxectos e atender o día a día desde o primeiro momento. Ao mesmo tempo, a Alcaldía implica unha responsabilidade nova: coordinar o conxunto, establecer prioridades e responder ante toda a veciñanza. É nese exercicio onde Daniel Pérez está chamado a consolidar o seu propio liderado.

Cando falamos de continuidade, falamos dunha maneira de traballar, e o traballo no BNG de Carballo faise en equipo. Así traballamos con Evencio e así seguimos traballando con Daniel.

A forza da veciñanza

Ao longo destes anos defendemos unha idea de Carballo que se pode recoñecer nas rúas recuperadas para pasear, nos servizos que chegan ás parroquias, nos locais sociais e na actividade das asociacións culturais e deportivas.

Son avances nos que participou moita xente. Desde o goberno apoiamos e acompañamos iniciativas, pero a transformación de Carballo débelle moito á capacidade da súa veciñanza para organizarse e facer cousas en común. Queremos seguir contando con esa forza.

E temos necesidades ás que dar resposta. O acceso á vivenda, a sanidade, os servizos no rural e as oportunidades de emprego, tan estreitamente vinculadas á necesaria ampliación do polígono industrial, forman parte das preocupacións actuais de Carballo.

Daniel expresouno na súa investidura: mellorar os servizos nas parroquias, continuar a humanización, apoiar o tecido asociativo e impulsar novos equipamentos. Ao mesmo tempo, manter a colaboración e a esixencia ante a Xunta para avanzar nas infraestruturas sanitarias, na ampliación do polígono, na circunvalación e no transporte público.

Motivos para mirar cara adiante

A confianza no futuro necesita feitos que a sosteñan. Carballo conta cun equipo experimentado, unha transición institucional completada e un alcalde que coñece o proxecto e as persoas coas que debe facelo avanzar.

O valor do relevo está nesa combinación de experiencia e capacidade de evolución. Evencio deixa unha traxectoria que merece recoñecemento. Daniel asume o compromiso de continuar o traballo, achegar as súas prioridades e responder aos desafíos desta etapa.

O futuro de Carballo constrúese desde aí: co que xa se aprendeu, coa participación da veciñanza e coa responsabilidade de seguir facendo do noso concello un bo lugar para vivir.


Confianza para seguir avanzando

O sondeo realizado entre abril e maio sitúa a Daniel Pérez como o líder municipal mellor valorado e outorga un 6,27 á xestión do goberno do BNG.

O relevo na Alcaldía de Carballo tiña unha responsabilidade clara: continuar o traballo realizado e renovar a confianza da veciñanza. Os resultados deste estudo ofrecen unha primeira valoración positiva da nova etapa. Daniel Pérez é o líder municipal mellor puntuado e o goberno do BNG recibe a mellor nota entre as forzas avaliadas.


Para nós, estes datos son un estímulo para seguir traballando. A confianza hai que correspondela con atención aos problemas, explicacións e resultados.

6,43 **Daniel Pérez, o líder mellor valorado**



Puntuación media (0–10) na valoración dos líderes municipais

6,27 **A veciñanza aproba a xestión do goberno**




Valoración media (0–10) do traballo de goberno e oposición

O goberno recibe unha valoración positiva nas tres grandes zonas que distingue o estudo: centro urbano, parroquias do interior e parroquias do litoral.

Un resultado que nos anima a seguir traballando para todo o concello.

Daniel Pérez encabeza as respostas nos oito atributos polos que pregunta o sondeo

Confianza, proximidade e capacidade para gobernar




Porcentaxe que escolle a Daniel Pérez ao comparar os líderes municipais en cada atributo. Catro dos oito atributos do sondeo.

O BNG mantería a maioría absoluta

53,4 %

Estimación de voto ao BNG



Cada cadrado equivale a un 1 % do voto estimado


O sondeo sitúa o BNG como primeira forza municipal e estima que conservaría a maioría absoluta, cun 53,4 % de voto estimado, a mesma porcentaxe que acadou nas eleccións de 2023.

Os resultados apuntan á continuidade do apoio ao proxecto do BNG na nova etapa con Daniel Pérez á fronte da Alcaldía. O traballo realizado e as propostas para o futuro ofrecen unha base de confianza que queremos seguir renovando coa veciñanza.

Recibimos estes datos como un estímulo e unha responsabilidade: seguir escoitando, atender os problemas e facer avanzar os proxectos que Carballo necesita.


bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Un concello que mellora



cre que a situación xeral de Carballo mellorou nos últimos cinco anos

Entre os servizos municipais, destacan as persoas que perciben melloras en:




Porcentaxes que responden que cada ámbito mellorou; non son notas de satisfacción

O estudo tamén recolle demandas sobre o estado das rúas e estradas, o emprego, a atención aos barrios e ás parroquias e a mobilidade. Escoitalas forma parte da nosa responsabilidade.

55,5 %

O 55,5 % cre que Daniel Pérez será o próximo alcalde»



Quen pensa que será o próximo alcalde de Carballo?

Expectativa de resultado, distinta da preferencia persoal e da estimación de voto

Recibimos o recoñecemento ao traballo realizado coa mesma atención coa que debemos recibir as críticas. Os resultados anímannos a continuar e axúdannos a identificar onde temos que facer un esforzo maior.

Ficha técnica. Estudo sociopolítico de Carballo, maio de 2026. 400 entrevistas a persoas empadroadas no concello de 18 ou máis anos. Traballo de campo do 13 de abril ao 12 de maio de 2026. Entrevistas telefónicas e presenciais. Marxe de erro para os resultados globais: ±4,92 puntos porcentuais



Carballo medrou porque confiamos na súa xente



Escoita a conversa completa aquí

Evencio Ferrero e Daniel Pérez conversan sobre o relevo, o traballo en equipo e o futuro de Carballo. Comparten lembranzas, preocupacións e unha maneira de entender a política: tomar decisións para mellorar a vida das persoas.

«Nunca dous alcaldes andaron tanto xuntos», lembran entre risas. Na rúa, o cariño da veciñanza a Evencio axudou a Daniel a vivir con naturalidade o relevo. Agora comparten unha conversa na que a confianza persoal deixa paso á reflexión sobre o concello que axudaron a transformar e o que queren seguir construíndo.

EVENCIO FERRERO
«Renovar a persoa que está á fronte da alcaldía para seguir impulsando novos tempos, novos proxectos»

Evencio explica que tomou a decisión pensando no mellor para Carballo e na capacidade das persoas que continuaban para achegar novas ideas e impulso ao goberno. Daniel recoñece nel un referente político e persoal, e destaca a incorporación de persoas con perfís e coñecementos que reforzan a xestión municipal.

Ambos coinciden en que o proxecto debe seguir evolucionando, cun equipo cohesionado e responsabilidades compartidas.

DANIEL PÉREZ
«O máis importante dese Carballo novo foi ter apostado pola xente»

A transformación de Carballo aparece ligada ás persoas: ás asociacións culturais e deportivas, aos locais sociais onde se crean vínculos de comunidade e aos espazos públicos recuperados para convivir. Evencio compáraa co crecemento dunha crianza: quen a ve todos os días non sempre percibe canto medrou.

Esa mirada ao vivido conduce ás necesidades do presente. Falan de solo para que as empresas poidan medrar, da circunvalación, da sanidade e dun transporte público que responda á vida de estudantes e traballadores. Reclaman que o esforzo municipal atope resposta nas administracións responsables.

DANIEL PÉREZ
«Carballo ten que mirar cara ao Anllóns»

O río, a conexión cos espazos deportivos e as zonas de paseo abren outra parte da conversa: como seguir facendo unha vila máis habitable e próxima á natureza. Daniel explica tamén o traballo de planificación que hai detrás dos proxectos e como o financiamento europeo permite acelerar actuacións que levaban tempo preparándose.

Queda moito por facer. E Evencio pecha coa mesma esixencia que atravesa toda a conversa:

EVENCIO FERRERO
«Sen triunfalismos, sen euforias. O resultado, cando aparece, é cando se traballa»

Un ano de traballo co futuro por diante

Con Daniel Pérez na Alcaldía, seguimos facendo avanzar o proxecto que compartimos para Carballo. Neste primeiro ano concretamos novos acordos, impulsamos investimentos e demos continuidade a actuacións que levabamos tempo preparando. Dez exemplos dun traballo de equipo que chega a todas as parroquias.

Acordo histórico coa Fundación Amancio Ortega

7,8 millóns para as entidades sociais

Carballo contará cun edificio municipal para as entidades sociais financiado integramente pola Fundación Amancio Ortega. En xullo, Daniel Pérez asinou coa súa presidenta, Flora Pérez Marcote, o convenio que achega **7,8 millóns de euros para a construción e o equipamento**.

O edificio dará sede a Cruz Vermella, Vieiro, Un Paso Máis, AECC, Afaber, Íntegro e Aspaber, ademais do Centro de Información ás Mulleres. Un proxecto que xa viñamos preparando e que con este acordo dá un paso decisivo para mellorar a atención ás persoas e apoiar o traballo das entidades.



Recreación do futuro edificio de entidades sociais



O alcalde de Carballo, Daniel Pérez, e a presidenta da Fundación Amancio Ortega, Flora Pérez Marcote, asinaron o 9 de xullo un convenio de colaboración para construír un edificio para entidades sociais

37,67 millóns

de euros de orzamento municipal, un 11,12 % máis que en 2025

O maior orzamento da historia de Carballo

O primeiro orzamento desta nova etapa acadou os **37,67 millóns de euros**, un 11,12 % máis que en 2025, e reservou **6,39 millóns para investimentos**.

Detrás destas cifras están os servizos que utilizamos cada día e as obras que permiten melloralos: redes de auga e saneamento, espazos públicos e equipamentos. Investimentos e prestación de servizos concentran o 63 % do orzamento.

Dos fondos europeos aos proxectos

Os **6,55 millóns de euros de fondos europeos EDIL**, conseguidos antes do relevo, permiten desenvolver un programa de actuacións de **10,9 millóns ata 2029**.

Agora traballamos para convertelos en melloras concretas. Incorporamos os recursos ao orzamento e iniciamos a tramitación de actuacións como a transformación da Praza do Concello e das rúas da contorna, a reforma do mercado municipal e a renaturalización do Rego da Balsa.

Melloras que chegan á vida diaria

Máis de 9.000 luminarias para un concello máis eficiente

Impulsamos a licitación do contrato que permitirá renovar o alumeado público de Carballo, cun valor de **18,6 millóns de euros para 15 anos de servizo**.

A renovación de máis de 9.000 luminarias con tecnoloxía LED busca mellorar a iluminación e reducir o consumo. O aforro económico anual estimado sitúase arredor dos **84.000 euros**. Unha actuación de alcance municipal que permitirá modernizar o servizo na vila e nas parroquias.

+9.000 luminarias LED na vila e nas parroquias

+900 luminarias de incremento con respecto á situación actual

18,6 millóns de euros contrato de servizo para 15 anos

84.000 euros/ano de aforro económico estimado



A vía do Pereiro Vello a Outón xa está en servizo

Auga e saneamento para seguir mellorando o rural

Nos primeiros meses do ano puxemos en marcha actuacións de abastecemento e saneamento por **máis dun millón de euros**.

En total, máis de nove quilómetros de novas redes, con intervencións en Rus, Artes, Carballo e Verdillo. Seguimos estendendo uns servizos básicos que melloran a vida nas parroquias e permiten que máis familias poidan desenvolver nelas o seu futuro.



Obras de aglomerado da vía das Torres de Oza a Cances Grande

Deputación e Concello, sumando para transformar Carballo

A colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo está permitindo avanzar en actuacións importantes de mellora do espazo público e da mobilidade.

A **travesía de Sísamo**, xa rematada, supuxo arredor de 3,5 millóns de euros; a **rúa Compostela**, actualmente en obras, máis de 200.000 euros; e a **Praza de Vigo**, co convenio xa asinado, 337.500 euros.

En conxunto, máis de 4 millóns de euros de investimento para avanzar cara a un Carballo máis accesible e pensado para as persoas.



Sinatura do convenio para a Praza de Vigo

Servizos públicos e coidado da contorna

Centro de saúde: completamos a parte municipal

Rematamos a urbanización da parcela destinada á ampliación do centro de saúde e avanzamos na cesión ao Sergas dos **3.870 metros cadrados de solo municipal**.

Culminamos así o traballo que lle correspondía ao Concello nun proxecto iniciado anos atrás. A Xunta dispón das condicións necesarias para desenvolver o futuro Centro Integral de Saúde de Bergantiños. Seguiremos reclamando que esa ampliación se traduza na atención sanitaria que precisa a comarca.



Parcela para a ampliación do centro de saúde

A Unidade de Condutas Adictivas xa está no Sergas

Desde o **1 de xaneiro de 2026**, a Unidade de Condutas Adictivas está integrada plenamente no Sergas, despois de máis de tres décadas de xestión municipal.

A transferencia, aprobada por unanimidade da corporación en decembro, culmina unha reivindicación que viñamos defendendo: que a atención sanitaria se integre na administración responsable de prestala.

17.774 metros cadrados para ampliar o corredor verde

En setembro aprobamos definitivamente a expropiación dos terreos necesarios para ampliar o corredor verde do Rego da Balsa.

Son **17.774 metros cadrados destinados a novos espazos libres e zonas verdes**. Damos así un paso necesario para dispoñer do solo e continuar unha transformación prevista no planeamento municipal e vinculada agora ao Plan EDIL.



Traballos na canle de Baldaio

Baldaio: coordinación para actuar e buscar solucións

A petición do Concello, o 23 de setembro reuniuse a comisión técnica de seguimento de Baldaio, coa Xunta, Costas do Estado e o goberno municipal.

Defendemos dúas necesidades: un protocolo que estableza **quen, cando e como debe actuar ante un novo peche da canle**, e o traballo cara a unha solución estable. A solución definitiva segue pendente. O noso compromiso é manter a esixencia e a coordinación para avanzar.

O traballo continúa

Este primeiro ano combina novos acordos e proxectos que avanzan despois de anos de preparación. É o resultado dunha maneira de gobernar: planificar, buscar financiamento e traballar para que cada actuación mellore a vida da veciñanza. Con experiencia e con novas metas, seguimos construíndo o Carballo que vén.

Gabriel Rodríguez Colferai

Responsable comarcal de Galiza Nova Bergantiños

Galiza Nova
Comarca de BERGANTIÑOS

Estudante de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, compaxina a súa formación coa súa actividade como adestrador e socorrista, ademais do seu compromiso político.

Que significou para ti asumir este novo cargo? Para min supón arrimar o ombreiro nun proxecto ilusionante e necesario para a mocidade de Bergantiños. Sempre me preocuparon cuestións moi básicas, como o acceso á vivenda, unha sanidade pública digna e gratuíta, as oportunidades de emprego para a xente nova ou a posibilidade de construír un futuro aquí, na nosa comarca. Desde a organización podemos darlles máis visibilidade a estes problemas, escoitar á mocidade e traballar colectivamente para poñer solucións enriba da mesa.

Que te motivou a involucrarte en política desde tan novo? Desde pequeno sentín curiosidade pola política e pola maneira na que se organiza a sociedade, especialmente no ámbito galego, local e comarcal. Tamén influíu moito en min a vida no pobo e na aldea: ver de preto as necesidades da xente nova e do rural fixo que quixese implicarme. Coñecín Galiza Nova nun mitin da campaña das eleccións municipais en Carballo e decidín afiliarme porque vin que había unha mocidade organizada, con ideas, compromiso e vontade de traballar polo país e pola comarca.



Cal é, ao teu xuízo, o principal problema que afecta actualmente á xuventude galega? E á bergantiñá? A nivel galego destacaría dous grandes problemas: o acceso á vivenda e a situación dos servizos públicos, especialmente a educación e a sanidade.

No caso de Bergantiños, engadiría con moita forza o problema da mobilidade. O transporte público segue sendo insuficiente, tanto nas vilas como, sobre todo, nos núcleos rurais e nas aldeas. Isto afecta a estudantes, traballadores e mozos que queren facer vida aquí, e moitas veces acaba empurrando a xente nova cara ás cidades. Vivir nunha vila ou no rural tamén debería ser unha opción real, non unha dificultade permanente.

Que mensaxe enviarías á xente nova que se sente pouco identificada ou afastada da política? Diríalles que non entendan a política só como siglas ou símbolos. A política tamén é o prezo dun alugueiro, o bus que chega ou non chega á túa parroquia, a atención sanitaria que recibes, as oportunidades de emprego que tes ou a lingua que falas no teu día a día. Participar non significa estar de acordo con todo nin encaixar nun molde, senón defender os teus principios e os teus dereitos. Se a xente nova non participa, outros decidirán por nós.

A vivenda, unha brecha na nosa formación

Nerea López

O problema da vivenda non condiciona só a emancipación da mocidade: cada vez condiciona máis tamén a nosa formación.

Cada curso moitas mozas e mozos teñen que desprazarse ás cidades para poder continuar a súa formación académica. Pero esta realidade cada vez é máis utópica. A alza dos prezos súmase a un mercado turístico descontrolado que absorbeu gran parte da oferta habitacional, deixando moita menos oferta ao estudantado.

O resultado é unha clara desigualdade no acceso a unha educación profesional ou universitaria. A xente moza que non reside nunha cidade atópase cunha dificultade maior á hora de elixir a mesma formación, xa que só ten dúas alternativas: utilizar a diario un transporte público ineficaz e caótico ou asumir os altos custos da vivenda para poder acceder a unha educación pública.

Garantir vivenda accesible e máis residencias públicas é tamén garantir igualdade no acceso á educación.

Pero expulsar aos estudantes das cidades trae consecuencias máis alá da vivenda. A cidade deixa de ser o seu núcleo de cohesión, de debate ou reivindicacións, e deste xeito pérdese unha gran forza política motor de transformacións sociais.

Grazas, Evencio!









Rúa Doutor Fleming 6, baixo
carballobng@gmail.com
www.bngcarballo.gal
@bng_carballo
facebook.com/BNGdeCarballo

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CARBALLO